

MODIFICACIONES Á **PROGRAMACIÓN**

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

**IES PEDRO FLORIANI
REDONDELA
Marzo 2023**

INDICE

1.- INTRODUCCIÓN	3
2.- TEMPORALIZACIÓN	
2.1.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 2º ESO (F e Q)	3
2.2.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 4º ESO (F e Q)	4
2.3.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 4º ESO (CAAP)	4
3.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	5
4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	5
4.1.- 2º ESO (F e Q)	6
4.2.- 4º ESO (F e Q)	6
4.3.- 4º ESO (CAAP)	7
5.- RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS E MATERIA	8
6.- NOTA FINAL DE XUÑO	9
7.- ANEXO: Normas para a realización e corrección dos exames	10

1.- INTRODUCCIÓN

O presente documento ven de introducir as modificacións pertinentes na programación do departamento de Física e Química, logo de ser publicada no DOG a Orde do 27 de decembro de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia. A normativa establece que o alumnado de educación secundaria obrigatoria ten dereito a tres sesións de avaliación parciais e a unha avaliación final. Tal e como indica a orde do 27 de decembro de 2022, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión da terceira avaliación parcial. Compre polo tanto adaptar a temporalización en 2º e 4 da ESO (xuño pasa a ser un mes escolar “común”) e eliminar da programación entregada a comezos de curso, os apartados correspondentes a “atención dos alumnos entre a terceira e a avaliación final ordinaria: actividades de apoio, reforzo, titorización e ampliación”.

2.- TEMPORALIZACIÓN

2.1.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 2º ESO (F e Q)

1ª AVALIACIÓN

1. Actividade científica. Método científico.
2. Materia e medida.

2ª AVALIACIÓN

3. Estados da materia
4. Leis dos gases.
5. Diversidade da materia. Disolucións.
6. Reaccións químicas.

3ª AVALIACIÓN

7. O átomo. Elementos e compostos.
8. Movemento e forzas.
9. Electricidade e magnetismo.
10. Fontes de enerxía

2.2.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 4º ESO (F e Q)

1ª AVALIACIÓN

1. Trabajo científico. (Contido transversal).
2. O átomo e o sistema periódico.
3. O enlace químico. Forzas intermoleculares.

2ª AVALIACIÓN

4. Formulación: Química Inorgánica.
5. Introducción á Química Orgánica.
6. Disolucións.
7. Reaccións químicas.

3ª AVALIACIÓN

8. Cinemática.
9. Dinámica.
10. Trabajo, enerxía e calor.

2.3.- SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS 4º ESO (CAAP)

1ª AVALIACIÓN

1. Ciencia e coñecemento científico
2. A medida

2ª AVALIACIÓN

3. O laboratorio
4. Técnicas experimentais no laboratorio

3ª AVALIACIÓN

5. A ciencia na actividade profesional
6. Ciencia e conservación medio ambiental

3.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os sistemas de avaliación son múltiples e os datos para proceder á cualificación obteranse dos seguintes instrumentos de avaliación:

- Probas escritas: preguntas nas que se deben xustificar as respostas e/ou resolución de exercicios e problemas.
- Probas de resposta múltiple obxectivas.
- Probas orais.
- Realización de exercicios en horario non lectivo.
- Actitude de iniciativa, interese e hábito no traballo.
- Contribución na resolución colectiva de problemas.
- Traballo no laboratorio se se realiza algunha práctica.
- Elaboración de informes sobre as prácticas realizadas.
- Deseño de experiencias prácticas.

4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Farase un control de cada tema ou unidade que poderá ser oral ou escrito. Farase especial fincapé na presentación formal (organización, pulcritude, ortografía, expresión, desenvolvemento das actividades), e nos coñecementos expostos e razoados.

Despois de cada avaliación realizarase un exame de recuperación para os alumnos con nota negativa e para aqueles que desexen subir a súa nota. A proba de recuperación considerárase superada cando a nota sexa igual ou superior a cinco.

Ao remate do curso realizarase unha proba na que o alumnado cunha avaliación suspensa deberá recuperar dita avaliación. Os estudantes con dúas ou tres avaliacións suspensas deberán realizar un exame final sobre cuestións prácticas e teóricas relacionadas con todo o programa impartido.

Para aprobar a materia, a nota final (obtida como media aritmética das tres avaliacións) debe ser igual ou superior a cinco.

As probas escritas obxectivas son individuais, polo que se se detecta fraude nun exame, a proba puntuarase cun 0. A asistencia ás probas é obrigatoria: As probas só se repetirán se o alumno achega certificado médico en caso de indisposición ou avisa antes da data do exame que ten cita médica.

	Probas escritas	Outras actividades
2º ESO (FeQ)	80%	20%
4º ESO (FeQ)	90%	10%
4º ESO (CAAP)	80%	20%

4.1.- 2º ESO (Física e Química)

A cualificación do alumnado de 2º ESO (Física e Química) obtense da seguinte forma:
Será a media das puntuacións obtidas nas probas escritas (exames) máis as cualificacións do traballo en clase e na casa.

.- Probas escritas: As probas escritas representan o 80% da nota de cada avaliación.
Se se fixeran máis dunha, obterase a media (aritmética ou ponderada, segundo a súa importancia relativa) das cualificacións obtidas nas mesmas.

PORCENTAXE	PUNTUACIÓN MÁXIMA
80	8

.- O traballo diario, actividades realizadas na aula e realizadas en horario non lectivo, realización de tarefas, proxectos en grupo, lecturas... traballo de investigación relacionado co carácter experimental da materia: prácticas e informes laboratorio virtuais... e calquera outra actividade cualificable que non sexan as probas escritas supoñen o 20% da nota de cada avaliación.

PORCENTAXE	PUNTUACIÓN MÁXIMA
20	2

4.2.- 4º ESO (Física e Química)

A cualificación dos alumnos de 4º de ESO (Física e Química) obtense da seguinte forma:

.- Probas escritas: As probas escritas representan o 90% da nota de cada avaliación.
Se se fixeran máis dunha, obterase a media (aritmética ou ponderada, segundo a súa importancia relativa) das cualificacións obtidas nas mesmas.

PORCENTAXE	PUNTUACIÓN MÁXIMA
90	9

.- Traballo diario: Os traballos realizados na clase e as actividades realizadas en horario non lectivo, realización de tarefas, tarefas, proxectos en grupo, lecturas... traballo relacionado co carácter experimental da materia: prácticas e informes laboratorio virtuais...os traballos de investigación e calquera outra actividade cualificable que non sexan as probas escritas supoñen o 10% da nota de cada avaliación.

PORCENTAXE	PUNTUACIÓN MÁXIMA
10	1

4.3.- 4º ESO (CAAP)

A cualificación do alumnado de 4º ESO (CAAP) obtense da seguinte forma:

- .- As probas escritas representan o 80% da nota de cada avaliación.
- .- Traballo diario: os traballos realizados na clase, os deberes, os traballos de investigación e calquera outra actividade cualificable que non sexan as probas escritas supoñen o 20% da nota de cada avaliación.

4º ESO CAAP	PORCENTAXE	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Traballo en clase	10	1
Tarefas en casa	10	1
Exames	80	8

En todos os niveis:

- A avaliación estará superada cunha media igual ou superior a 5, sempre e cando en ningunha das probas escritas a cualificación fose inferior a 4. Se nunha das probas ten unha nota inferior a 4 e como resultado da avaliación resulta unha nota igual ou superior a 5, aparecerá reflectida na avaliación unha nota de 4.

- Habberá un mínimo de dúas probas escritas por avaliación.
- Todas as avaliacións teñen o mesmo peso no cálculo da nota final da materia.
- En cada avaliación deberá obterse como mínimo unha nota de 4 para ter aprobada a materia cunha media superior a 5.
- O alumnado que non supere a primeira ou a segunda avaliación terá a oportunidade de recuperalas durante a seguinte, mediante a realización dun exame. A nota deste exame substituirá á nota da avaliación correspondente e a cualificación da avaliación será o resultado de aplicar os criterios xa descritos.

O abandono da materia será determinante á hora de valorar negativamente a madurez do alumno. Para esta avaliación concorrerán circunstancias como actitudes negativas na clase e no estudo, a falta de realización das tarefas encomendadas, a baixa participación nas actividades de aula ou de laboratorio, o escaso interese pola aprendizaxe ou as faltas frecuentes e inxustificadas.

Ao final do curso realizarase unha proba escrita con contidos distribuídos por avaliacións para ofrecer unha oportunidade máis para recuperar as avaliacións (neste caso, tamén a terceira). Unha vez máis, esta nota substituirá á correspondente ás probas escritas de cada avaliación. Os alumnos que teñan unha nota final superior a 5 poderán realizar a mesma proba (de todas as avaliacións) asumindo que un mal resultado pode reducir a súa nota final.

5.- RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓNS E MATERIA

En canto á **recuperación das avaliacións** suspensas:

.- O alumno/a que non supere a *primeira ou a segunda avaliación*, poderá recuperala cunha proba escrita na que entrarán todos os contidos da materia vistos na avaliación suspensa. Tamén deberán entregar os traballos que non fosen entregados en prazo para ser valorados

Esta proba realizarase ao comezo da seguinte avaliación.

.- O alumno que non superase a *terceira avaliación*, poderá recuperala cunha proba escrita de todos os contidos desa avaliación, na que deberá obter unha nota igual ou superior a cinco para considerarse aprobado. A dita proba realizarase na proba final de xuño.

.- No caso de que o alumno suspenda *dúas ou tres avaliacións*, deberá pasar á proba final de xuño, e realizar a totalidade do temario da materia, por considerar que non obtivo os coñecementos necesarios para superar a materia. A proba dividirase por avaliacións, e para que se considere aprobada deberá superarse cada unha das tres avaliacións. Os criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados durante as avaliacións.

6.- NOTA FINAL DE XUÑO

A nota final calcularase facendo a media aritmética da cualificación obtida nas tres avaliacións. Para superar a materia deberán obter unha media das tres avaliacións igual ou superior a 5. Non se fará media se a cualificación é inferior a 4 nunha avaliación.

Aqueles alumnos que ao final do curso obteñan unha nota inferior a 5,0 realizarán un exame en xuño.

O profesor informará a cada alumno dos contidos que deben examinarse na dita proba.

.- *Alumnos que teñan tódalas avaliacións aprobadas* (nas avaliacións ou nas recuperacións correspondentes) :

Cualificación final: Nota media das avaliacións.

.- *Alumnos que van a proba final con dúas ou tres avaliacións suspensas*: No exame final de xuño aplícase unha media ponderada de tal xeito que a nota do exame final contará un 60% e un 40% a nota a recuperar, a non ser que, habendo aprobado o exame de recuperación, a media ponderada sálgalle menor que 5, nese caso tería un 5.

.- *Alumnos con algunha avaliación suspensa*: Suspendarán a materia e se lles porá a nota media das tres avaliacións (escollendo a mellor nota de cada avaliación se houberse varias). Se a media así calculada é igual ou superior a 5 puntos, reflectirase un 4 na nota final.

.- Alumnos que tendo as avaliacións aprobadas preséntase ó exame global a subir nota dalgunha delas: Se a cualificación e maior que a que obteñen como media ponderada das tres avaliacións a cualificación final será a media aritmética da obtida polo procedemento ordinario e a acadada no exame de xuño.

.- Para superar a materia será suficiente con:

Obter unha cualificación media de cinco puntos na media das tres avaliacións (sempre que non haxa cualificacións por debaixo de 4 puntos nalgunha avaliación).

O redondeo tanto da cualificación de avaliación, recuperación e avaliación final realizarase do seguinte xeito: se o primeiro decimal da nota media é 5 ou superior a 5, a totalidade da parte increméntase nunha unidade. Se o primeiro decimal é menor que 5, a parte enteira permanece sen cambios.

7.- ANEXO:

Normas para a realización e corrección dos exames:

- Todos os alumnos teñen que levar calculadora, senón terán que facer o exame sen ela.
- Os exames resolveranse con bolígrafo, nunca con lapis, salvo gráficos.
- Non está permitido o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico.
- En caso de non asistir a un exame, deberá estar debidamente xustificado.
- Non se tolerarán comportamentos desleais durante os exames.
- Na corrección dos problemas teranse en conta os seguintes criterios de avaliación:
 - a) Unidades:
 - Deberán acompañar sempre os resultados numéricos.
 - Non se admitirán confusións entre elas.
 - b) Explicación do problema: xustificación, procedemento, fórmulas, principios e teorías.
 - c) Secuencia na resolución: datos, fórmulas, diagramas, substitución de valores numéricos e cálculo de resultados.
 - d) Escritura correcta das fórmulas químicas.
 - e) Ase mesmo, aplicaranse as normas do centro en materia de ortografía.

Na **cualificación** teranse en conta os seguintes aspectos:

- A cualificación final de cada apartado farase tendo en conta a xustificación e razoamento do mesmo (indicando ecuacións, identificando os principios e leis químicas ou físicas implicadas, substituíndo os datos que figuran no enunciado, indicando pasos, esquemas, debuxos), unidades e uso axeitado da linguaxe científica. A falta de xustificación, tal e como se indicou anteriormente, pode supoñer a non cualificación do dito apartado.

- Ademais, co obxectivo de favorecer o uso correcto das unidades de medida e favorecer o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, aplicaranse as seguintes penalizacións tanto nas probas obxectivas como nos documentos entregados:

.- En todas as probas e traballos escritos, as faltas de ortografía penalizaranse con 0,1 puntos, ata un máximo de 1 punto.

.- Os erros ou omisións nas unidades dun resultado penalizaranse a razón de 0,25 puntos cada vez que isto suceda, ata un máximo de 1,5 puntos.

- O profesor poderá recoller o exame e conceder unha puntuación de 0 puntos a aqueles alumnos que estean en posesión dalgún tipo de notas da materia ou dispositivos electrónicos, estean acesos ou desactivados. Do mesmo xeito poderase proceder se o alumno comenta algún detalle do exame con outro compañeiro sen o permiso do profesor.

- O alumno/a que non entregue puntualmente algunha actividade ou non realice unha proba escrita deberá presentar o xustificante correspondente. O profesorado decidirá se a ausencia está xustificada ou non. En caso de ausencia xustificada, o profesor indicará ao alumno como recuperar a actividade ou a proba escrita. En caso de ausencia inxustificada, a cualificación da actividade ou da proba escrita será de 0 puntos.